



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 4/2022, DO DIA 28  
DE ABRIL DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e oito minutos do xoves día 28 de abril de 2022, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 25 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D <sup>a</sup> . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D <sup>a</sup> . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA**

**I. PARTE RESOLUTIVA:**

**1. Acta anterior:**

- Núm. 3/2022, do 7 de abril de 2022.

- 2. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 1/2022 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 9.000 €.**
- 3. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Base núm. 20-BIS de Execución do Orzamento “Subvencións directas” para o exercicio 2022, supeditada á aprobación do punto núm. 2.**

**II. PARTE DE CONTROL:**

- 4. Resolucións da alcaldía – pedanía.**
- 5. Rogos e preguntas.**

-----  
Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

### **1. Acta anterior: - Núm. 3/2022, do 7 de abril de 2022.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 1/2022 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 9.000 €.**

Dase conta da proposta da Alcaldía Pedanía de 25.04.2022 co seguinte contido:

*“En relación co expediente de aprobación da modificación de créditos número 1/2022 na modalidade de Transferencia entre aplicacións de distinta área de gasto, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

*PRIMEIRO. – Apreciada a necesidade de transferir crédito a varias partidas da bolsa de vinculación 3.4 para conceder subvencións nominativas durante o exercicio 2022.*

*SEGUNDO. - Con data 22 de abril de 2022 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, incorporado ao expediente.*

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).*
- *Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.*

*Por elo, visto o informe da secretaria-interventora que obra no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

*PRIMEIRO. - Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:*

*Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/2022, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como se indica de seguido:*



## Entidade Local Menor de Bembrive

### Aplicacións de Gastos

DA APLICACIÓN	IMPORTE	Á APLICACIÓN	IMPORTE
153.210. Vías públicas. Infraestructuras e bens naturais.	- 9.000	341.480. Promoción y fomento del deporte. A familias e Instituciones sin fines de lucro.	+ 6.000
		338.480. Festexos populares. A familias e Instituciones sin fines de lucro.	+ 3.000
TOTAIS	- 9.000	TOTAIS	+ 9.000

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos desta Entidade Local e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, polo prazo de quince días, durante os cales os solicitados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, a Xunta Veciñal dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

O día 25.04.2022 emitiuse informe favorable por parte da secretaría intervención.

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

### **3. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Base núm. 20-BIS de Execución do Orzamento “Subvencións directas” para o exercicio 2022, supeditada á aprobación do punto núm. 2.**

Dase conta da proposta do Alcalde-Pedáneo do 25.04.2022, co seguinte contido:

“Tendo en consideración que por esta Alcaldía-Pedanía se desexan introducir determinadas modificacións no anexo de Subvencións directas (BASE 20-BIS das de Execución) do Orzamento de 2022, prorrogado de 2014, en canto a asignación nominativa de subvencións, sendo os cambios propostos os seguintes:



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

Entidade beneficiaria	Partida Orzamentaria	Actividade a subvencionar	Importe (€)
CLUBE DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE FÚTBOL SALA (V36886422)	341.480	GASTOS VIAXES E DESPRAZAMENTOS EQUIPO FEMININO POR PARTICIPACIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL, TEMPADA 2021/22	6.000
TOTAL			6.000

Ademais da anterior modificación, se inclúe como novidade na BASE 20-BIS a incorporación de subvencións nominativas ás Asociacións que a continuación se enumeran co seguinte detalle:

Entidade beneficiaria	Partida Orzamentaria	Actividade a subvencionar	Importe (€)
S.C.D.R HELIOS (G36633428)	334.480	EQUIPO DE SON E IMAXE	3.000
ATENEIO MUSICAL DE BEMBRIVE (G36784197)	324.480	GASTOS DE FUNCIONAMENTO (MANTEMENTO DO PROFESORADO)	3.000
IRMANDADE DE FESTAS SAN BLAS E SANTIAGO (G36705036)	338.480	ACTUACIÓNS MUSICAIS	3.000
S.C.D. XESTAS (G36628543)	341.480	EQUIPACIÓN DEPORTIVA	1.000
COMISIÓN DE FESTAS DOS RAMALLOS (G36878395)	338.480	ACTUACIÓNS MUSICAIS	1.500
ASOCIACIÓN ROMARÍA DA PARROCHA (G27880004)	338.480	ALUGUER PALCO (ESCEARIO MÓVIL) E ANIMACIÓN INFANTIL	1.500
ASOCIACIÓN DE MULLERES LUA (G36662971)	334.480	GASTOS DE FUNCIONAMENTO (MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL)	800
ASOCIACIÓN DE MULLERES XESTAS (G36810752)	324.480	FORMACIÓN DE MANUALIDADES	800
CLUBE DE TENIS DE MESA HELIOS DE BEMBRIVE (G27762483)	341.480	GASTOS VIAXES E DESPRAZAMENTOS EQUIPO 1ª DIVISIÓN NACIONAL, TEMPADA 2021/22	400
TOTAL			15.000 €



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

Visto o Informe de Secretaría-Intervención emitido o día 25 de abril de 2022 e a Memoria de Alcaldía-Pedanía de data 22 de abril de 2022, que en resumo di:

### “DESGLOSE E XUSTIFICACIÓNS DAS SUBVENCÍONS POR BENEFICIARIOS:

Estas subvencións están fundamentadas nas seguintes necesidades:

#### 1º.- C.D MOSTEIRO BEMBRIVE FUTBOL SALA:

Gran promoción e difusión do nome de Bembrive que terá en todo o territorio nacional debido a participación na citada competición.

#### 2º.- S.C.R.D “HELIOS” DE BEMBRIVE:

Dotación de material para a realización das numerosas actividades que realiza o centro cara a veciñanza da nosa parroquia.

#### 3º.- “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE”:

Promoción e fomento do estudo e aprendizaxe da citada banda de música da nosa parroquia creando un vínculo e hábitos positivos de unión entre as familias e os rapaces así como a promoción e difusión do nome de Bembrive nas súas numerosas actuacións.

#### 4º.- “COMISIÓN DE FESTAS DE SANTIAGO E SAN BRAIS”:

Promocionar e fomentar as festas patronais garantindo así a súa continuidade e o seu disfrute de toda a veciñanza desta parroquia.

#### 5º.- “S.C.D. XESTAS”:

Promoción e difusión do nome de Bembrive que os equipos da citada asociación fan coa súa participación en diferentes competicións.

#### 6º.- ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DOS “RAMALLOS”:

Promocionar e fomentar as festas parroquiais garantindo a súa continuidade e o seu disfrute de toda a veciñanza.

#### 7º.- ASOCIACIÓN “ROMERIA DA PARROCHA SAGRADO CORAZÓN DE XESUS”:

Promocionar e fomentar as festas parroquiais garantindo a súa continuidade e o seu disfrute de toda a veciñanza.

#### 8º.- ASOCIACIÓN DE MULLERES “LUA”:

Promocionar e fomentar as asociacións e colectivos sociais da parroquia para que poidan desenvolver con éxito as súas actividades.

#### 9º.- ASOCIACIÓN MULLERES “XESTAS”:



## Entidade Local Menor de Bembridge

Promocionar e fomentar as asociacións e colectivos sociais da parroquia para que poidan desenvolver con éxito as súas actividades.

### 10º.- CLUBE DE TENIS DE MESA "HELIOS" DE BEMBRIVE:

Promoción e difusión do nome de Bembridge que o citado clube fai coa súa participación nas diferentes competicións que participa en todo o territorio nacional".

En base a todo o sinalado, no exercicio das atribucións que teño atribuídas, PROPOÑO á Xunta Veciñal a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente, se procede, o expediente de Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas para o exercicio 2022 da Base núm. 20-BIS de Execución do Orzamento da Entidade Local Menor de Bembridge: "Subvencións directas", modificando o seu contido que quedará redactado co seguinte detalle:

Entidade beneficiaria	Partida Orzamentaria	Actividade a subvencionar	Importe (€)
CLUBE DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE FUTBOL SALA (V36886422)	341.480	GASTOS VIAXES E DESPRAZAMENTOS EQUIPO FEMININO POR PARTICIPACIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL, TEMPADA 2021/22	6.000
S.C.D.R HELIOS (G36633428)	334.480	EQUIPO DE SON E IMAXE	3.000
ATENEU MUSICAL DE BEMBRIVE (G36784197)	324.480	GASTOS DE FUNCIONAMENTO (MANTEMENTO DO PROFESORADO)	3.000
IRMANDADE DE FESTAS SAN BLAS E SANTIAGO (G36705036)	338.480	ACTUACIÓNS MUSICAIS	3.000
S.C.D. XESTAS (G36628543)	341.480	EQUIPACIÓN DEPORTIVA	1.000
COMISIÓN DE FESTAS DOS RAMALLOS (G36878395)	338.480	ACTUACIÓNS MUSICAIS	1.500
ASOCIACIÓN ROMARÍA DA PARROCHA (G27880004)	338.480	ALUGUER PALCO (ESCEARIO MÓVIL) E ANIMACIÓN INFANTIL	1.500
ASOCIACIÓN DE MULLERES LUA (G36662971)	334.480	GASTOS DE FUNCIONAMENTO (MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL)	800
ASOCIACIÓN DE MULLERES DE XESTAS (G36810752)	324.480	FORMACIÓN DE MANUALIDADES	800





*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

CLUBE DE TENIS DE MESA HELIOS DE BEMBRIVE (G27762483)	341.480	GASTOS VIAXES E DESPRAZAMENTOS EQUIPO 1ª DIVISIÓN NACIONAL, TEMPADA 2021/22	400
TOTAL			21.000 €

Quedando o presente acordo de asignación nominativa dos créditos para subvencións de esta natureza condicionando a aprobación definitiva da modificación de crédito sometida a acordo da Xunta Veciñal na mesma sesión na que se somete a presente proposta.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Entidade Local para que os interesados poidan examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen pertinentes, durante os quince días hábiles seguintes á publicación.

Terceiro.- O presente acordo entenderase elevado automáticamente a definitivo no caso de que non se presentasen reclamacións durante o trámite de exposición ao público. En caso contrario, a Xunta Veciñal disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

O día 25.04.2022 emitiuse informe favorable por parte da secretaría intervención, cuxas conclusións se reproducen a continuación:

Primeira.- Considerando que actualmente non existe crédito adecuado e suficiente consignado na partida 341.480 no Orzamento do exercicio 2022 como consecuencia do axuste á baixa practicado na prórroga do orzamento en base ao artigo 21.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, resulta necesario tramitar e aprobar a modificación de crédito correspondente para dotar crédito á partida orzamentaria 341.480.

Por outra banda, o crédito consignado na bolsa de vinculación 3.4 é de 12.000 €, resultando insuficiente para financiar os gastos deste expediente (15.000 €).

Por estes motivos, o presente acordo de asignación nominativa dos créditos para subvencións desta natureza queda condicionado a aprobación da modificación de crédito correspondente.

Segunda.- Os requisitos para que se outorguen subvencións nominativas directamente poden resumirse nos seguintes:

- a) A subvención debe estar prevista expresamente no Orzamento, con indicación do beneficiario, do obxecto e do importe.
- b) A subvención debe ter crédito adecuado e suficiente no estado de gastos, sendo congruente coa clasificación por programas e económica do crédito presupostario.
- c) A pesar de estar prevista expresamente no Orzamento, requírese dun acto administrativo expreso de concesión da subvención.

Terceira.- O órgano competente para a súa aprobación é a Xunta Veciñal da ELM de Bembrive, según dispón o artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases



## Entidade Local Menor de Bembrive

de Réxime Local (LRBRL) e a tramitación será a mesma que a prevista para a aprobación do Orzamento Xeral, o que esixe aprobación inicial por maioría simple, e exposición ao público por prazo de 15 días, entendéndose como definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo no caso de que non se presentasen reclamacións. Noutro caso, necesitará de acordo expreso de aprobación definitiva por maioría simple e, en todo caso, será necesario para a súa entrada en vigor a publicación do Orzamento resumido por Capítulos tras a modificación no Boletín Oficial da Provincia.

En base ao exposto, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Anexo de Subvencións Nominativas (BASE 20 BIS: Subvencións directas) do exercicio 2022 coas advertencias expostas e condicionando a percepción das correspondentes subvencións á aprobación da devandita modificación de crédito.

.....  
Intervencións: Non se producen.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

## II. PARTE DE CONTROL:

### 4. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 24.02.2022 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

017 25.02.2022 *Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de febreiro, por 7.590,13 € (impte. neto).*

018 25.02.2022 *Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en febreiro 2022, por impte. bruto total de 1.350,00 €.*

019 25.02.2022 *Adxudicación de contrato menor de servizos de “Roza e limpeza de áreas laterais das pistas forestais de Bembrive” á Mancomunidade de Montes de Vigo, por importe total de 16.437,85 € (IVE incluído).*

020 03.03.2022 *Delegación na 1ª tenente de alcaldía das atribucións da Alcaldía Pedanía desde o 09.03.2022 e mentres dure a ausencia do titular por enfermidade.*





## *Entidade Local Menor de Bembrive*

- 021 17.03.2022 *Autorización de activ. forestais do Obradoiro Dual da Mancomunidade de Montes de Vigo, edición 2022/23 (subvencionado pola Xunta de Galicia), no monte público de Bembrive, durante 12 meses.*
- 022 18.03.2022 *Autorización ao Club Ciclista Vigués de celebración de actividade deportiva "VII Trofeo Mini BTT ELM Bembrive" na área recreativa do Pouso, do MUP de Bembrive, o 07.05.2022.*
- 023 17.03.2022 *Autorización de actividades e de celebración de convenio de colaboración para desenvolver a FCT do Ciclo Formativo de Xestión forestal por parte do alumnado do CIFP A Granxa durante 384 horas.*
- 024 29.03.2022 *Autorización de conexión á rede xeral de sumidoiros desta Entidade de parcela en Camiño do Toutizo 27.*
- 025 30.03.2022 *Autorización de conexión á rede xeral de sumidoiros desta Entidade de parcela en Camiño do Toutizo 25.*
- 026 01.04.2022 *Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de marzo, por 7.342,38 € (impte. neto).*
- 027 01.04.2022 *Autorización de actividades e de celebración de convenio de colaboración para desenvolver a FCT do Ciclo Formativo de Educación e control ambiental por parte do alumnado do CIFP A Granxa durante 384 horas.*
- 028 04.04.2022 *Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta Veciñal para o 07.04.2022 (4 asuntos).*
- 029 06.04.2022 *Autorización á Asociación de Festas San Blas e Santiago de celebración de actividade deportiva "Ginkana de vehículos a motor" no campo de fútbol das Plantas, do MUP de Bembrive, o 14 e 15.05.2022.*
- 030 11.04.2022 *Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 6/2022 (servizos iluminación Nadal), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 5.880,60 €.*
- 031 11.04.2022 *Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 4 xustificantes de gasto, nº 7/2022 (servizos e subministros do Entroido), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 3.792,40 €.*
- 032 12.04.2022 *Orde de pago ás 14 participantes no Concurso de Comparsas e Disfraces do XXXII Entroido de Bembrive 2022, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria, por impte. total de 3.515,00 €.*



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

033 13.04.2022 *Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 15 xustif. de gasto, nº 8/2022 (servizos e subministros para reparacións e limpeza de vías), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 3.396,45 €.*

034 25.04.2022 *Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 28.04.2022 (5 asuntos).*

**5. Rogos e preguntas.**

Non se formulan.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:24 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis